As Devesas do Candán

Unha paisaxe espectacular chea de biodiversidade.

O sendeiro das Devesas do Candán percorre unha zona de cursos fluviais e media montaña da serra do Candán dentro do Concello de Lalín. O percorrido iníciase en Vilatuxe, na praia fluvial do Puzo do Boi. A ruta vai remontando o val do río Deza e adéntrase na devesa de Bustelos, pasando por unha fervenza de augas brancas. O roteiro continúa pola aldea de Bustelos e logo no Campo da Armada segue cara a aldea de Ameixedo.



RÍO GROBAS

Especialmente bonita é a paraxe de Porto do Frade por onde se cruza o río Grobas e se pasa a carón dun muíño para logo ascender por un camiño sobre penedos ata preto de Ameixedo. Seguindo pola devesa chegaremos a Portomartín e descenderemos ao río Deza que cruzamos por unha ponte de madeira. O camiño de retorno vai pola maxestuosa devesa de Moa, logo cruza o río Chedas e vai por Pena de Panos, a Devesa vella e a Devesiña, de regreso á praia fluvial de Vilatuxe.